




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

DECLARA:

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten previsto formalizar coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), o instrumento convencional, arriba referido, por un período de vixencia que abarca dende o día da firma do convenio ata o día 30 de decembro de 2016.

Que o obxecto do instrumento convencional é o fomento da accesibilidade das persoas xordas e xordo cegas, en relación coas actividades institucionais que se celebren no ano 2016, dirixidas á poboación xeral ou a colectivos específicos de todas as áreas da Administración da Xunta de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as actividades asinantes en orden á consecución de obxecto referido.

Que o convenio que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

As persoas xordas e xordo cegas enfróntanse diariamente con barreiras de comunicación, entendendo estas, segundo a Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, como “todo aquel impedimento para a expresión e recepción de mensaxes a





través dos medios ou sistemas de comunicación”, isto é: obstáculos, trabas ou impedimentos que dificultan o acceso e comunicación das persoas que teñen limitada, temporal ou permanentemente, a súa capacidade de relacionarse co contorno mediante a audición e a lingua oral. Estas barreiras son moito menos visibles e máis difíciles de percibir que as arquitectónicas, pero non por iso o seu efecto é menos contundente.

As persoas xordas teñen como linguaxe natural a Linguaxe de Signos, lingua adaptada ás súas necesidades e que permite unha completa comprensión e expresión de mensaxes. Trátase dunha lingua propia en toda a súa extensión, estruturada, con características lingüísticas e que se constitúe como vehículo de transmisión de información efectivo.

Á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de conformidade co disposto no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndenlle, entre outras, as competencias en materias de relacións institucionais e parlamentarias, sendo unha das liñas prioritarias desta Vicepresidencia e Consellería o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, presten apoio e promovan a integración social dos colectivos con discapacidade en orde a promover as condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas.

Para tal efecto, en concreto, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten interese en que todos os actos institucionais cheguen en condicións de igualdade aos colectivos máis desfavorecidos.


Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público,





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela, a 14 de abril de 2016.

